Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O carro de ouro de Felpós

En San Tomé de Felpós, concello de Palas de Rei (Lugo), houbo unha fortaleza gobernada por Alvar Sánchez de Ulloa que gozaba retendo, secuestrando, atracando e matando aos peregrinos que pasaban polo camiño de Santiago.

D. Berenguel de Landoria, arcebispo compostelán, quixo acabar con aquelas tropelías e o 29 de xullo de 1321 atacou con lume a fortaleza ata rendila.

Pois ben, nesta fortaleza, ao parecer, había un carro de ouro que empregaban os criados para carrexarlles a comida aos señores desde a cociña ata a mesa.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO CEBRAL, X. L., O carro en Galicia, Serv. de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1994.

VÁZQUEZ SEIJAS, M.; Fortalezas de Lugo y su provincia, T. V, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 1970.